



Texto_ Lourdes Martí Soler

Fotografia_ Montserrat Fontich

Lola Abelló

“Imos crer,
todos
e de veras,
que a
escola pública
é a mellor
escola”

Foi presidenta da CEAPA entre o 2004 e o 2008 e dende esta e outras plataformas significouse decotío como unha firme defensora da escola pública, inclusiva, democrática e laica. E de calidade. Nesta entrevista, aborda o rol dos axentes que desenvolven un papel básico na súa construción: as familias, con inseguridades, mais cun enorme potencial; os mestres a quen lles cambiou a escenografía e necesitan buscar o seu sitio; as ANPAS e a súa necesidade de revitalización; e o contorno. E Abelló fala do camiño que queda por diante para conseguir que uns e outros se reencontren polo ben dese fin último: a educación dos nosos fillos e fillas.

Temos unha boa escola pública?

Coido que si, temos unha boa escola pública, pero poñémolo en dúbida arreo. Pais e nais, alumnos e mestres padecemos un sentimento de inferioridade, marcado pola opinión pública e os medios de comunicación, que deciden que a educación é noticia só cando hai un suceso, pero non cando se innova nas aulas. E innóvase. Mentres que os máis pequenos están orgullosos da súa escola, coñezo adolescentes que case piden perdón por ir a un instituto público.

É unicamente un problema mediático?

Vivimos cambios sociais importantes e a escola como institución non os dixeriu. Por un lado, os pais e nais e, por outro, os mestres, quedamos sumidos nun problema persoal de inseguridade. Os referentes herdados dos nosos maiores xa non son válidos.

Lola Abelló

Falemos dos primeiros, dos pais e das nais. Dimitiron da súa función educativa, como afirman algúns?

Vimos dunha época na que os que trazaban as liñas da educación eran os expertos, eles medían e establecían o que conviña e os pais sentían moitas dúbidas. Nunca abandonamos a nosa responsabilidade de educar, senón que houbo momentos nos que non soubemos como levala a cabo e algúns optaron por unha escola privada ou concertada, pensando que podería facerlles unha parte do traballo. É evidente que os nenos non levan un manual debaixo o brazo, e menos mal! Educar é comunicarse e medrar con eles, sentíndonos seguros en nós mesmos. Hai que poñer límites? Por suposto, pero realmente abonda con estar atentos a cada un dos nosos pequenos, porque cada un é único, para ir dándolle o que necesita, a pesar de todas as limitacións espaciais e horarias actuais.

**Educar
é comunicarse
e medrar
cos
fillos,
sentíndonos
seguros
en nós
mesmos**

Vostede é unha nai traballadora, cales foron as maiores dificultades que tivo que afrontar?

No meu caso, dei o triplio salto mortal: traballo, familia e servizo á sociedade (refírese ao seu tempo de dedicación á CEAPA). A única fórmula é contar con todas as persoas que te rodean: familia, empresa e contorno. Familia, pese aos núcleos familiares tan reducidos. Empresa, porque cómpre que esta facilite a flexibilidade laboral de pais e nais: ben, sobre todo das nais, pois case sempre son elas as que se poñen á fronte do labor educativo. E contorno, polos veciños e as redes que se tecen ao pé da escola, que no caso da pública, pola súa proximidade ao domicilio, son moi intensas. Só así puiden tirar para diante. E chega un momento en que pasas duns cueiros a outros, porque a idade da maternidade se retardou e cando os fillos medran vén a hora de coidar os teus maiores. O contacto interxeracional é moi rico e é algo que fago a gusto, contenta, pero todo iso dificulta o día a día.

Son adecuadas as iniciativas da Administración dirixidas a conciliar a vida familiar e laboral?

Son claramente insuficientes. Benvidos sexan os 1.500 euros por pequeno, pero non se trata só diso, senón de axudar a criar os fillos: que poidas elixir quedar na casa co teu fillo no seu primeiro ano de vida, ou que teñas flexibilidade laboral para levalo ao pediatra, ou que poidas dedicarlle unhas horas para axudalo nas súas tarefas educativas. Un exemplo máis? Trátase de que unha nai que traballe como caixeira dun supermercado teña prioridade no momento de escoller as datas de vacacións para conciliarlas coas da súa familia, aínda que fose a última en incorporarse a ese posto. Así ga-

ñaríamos de verdade en calidade de vida e de educación. Ademais, tamén debe fomentarse a implicación do home nos traballos do fogar: seguimos funcionando como se as mulleres procreásemos e os homes producisen. E agora as mulleres procrean, pouco, e tamén producimos. E, nais estresadas?, as que queiras!

Pódese compensar a carencia de tempo?

Si, si. Sempre que o tempo que esteamos con eles sexa un tempo dedicado, este será suficiente. Un tempo "dedicado" non é só sentar con eles, xogar e explicar contos, senón sinxelamente preparar xuntos a cea, charlar e buscar espazos de calidade, que ninguén nin nada poida invadir. Tempos para a comunicación. Coa miña filla, de 15 anos, a hora de deitarse antes era un anaco de conto e as cancións; agora é o momento final do día, en que compartes e te comunicas e eu sígoa acompañando. Hai que implicar os rapaces nos asuntos dos adultos: un exemplo: hai crise, non si? O pai ou a nai quedaron no paro? "Rapaces, gabinete de crise". Os nenos son máis receptivos e medran máis responsables se ti confías neles. "Deberemos apertar o cinto e quizais este ano non haxa tantas extraescolares". Vivimos nun mundo moi materialista pero, se contas en serio con eles, son quen de comprender as cousas.

Fala das actividades extraescolares, que opina delas? Non estarán suplindo a falta de tempo?

Non é unicamente unha cuestión de tempo. Eu penso que as extraescolares existen por dúas cuestións. Por un lado, porque o sistema educativo non dá todo o que desexaríamos os pais e nais para os nosos fillos.

Non?

Os idiomas, por exemplo: por que os cidadáns españois falamos tan mal inglés? Talvez porque non se está a facer ben: nas aulas faltan profesores nativos, ou os de aquí non fixeron estadias nos lugares onde se fala inglés, ou poida que os métodos de ensino sexan demasiado gramaticais... Por suposto, existen outros temas que non son responsabilidade do sistema educativo. A potente industria da dobraxe é culpable do noso baixo nivel de inglés: se polo menos a televisión subtitúlase as súas series! E non fai falta ir aos países nórdicos: en Portugal nada está traducido, todo subtitulado. E así gañan a musicalidade do idioma e adquiren unha enorme rapidez relectora. Xa, xa, xa sei que non se pode facer nada fronte á industria da dobraxe. Pero volvo ao sistema educativo: dáselle prioridade a un currículo cargado de materias e, se son científicas, mellor, mentres se deixan de lado a Música, a Plástica e as Artes dramáticas,... sobre todo en secundaria.



Estase prendendo unha luz vermella. A educación formal invade o tempo familiar



Cómpre que as familias recuperen a confianza en si mesmas

A través do Programa de apertura dos centros fóra do horario escolar, a Administración educativa galega e os concellos tratan de reforzar as áreas que facilitan o éxito escolar e intensificar as aprendizaxes ás que vostede se refire. Cre que se debe apoiar este tipo de actividades?

Claro está, actualmente, os centros xa non poden ser illas, deben interactuar co contorno. A escola pública é a que debe dar resposta á diversidade e á equidade nunha sociedade en continuos cambios. A educación vai máis alá do horario lectivo, e é nestes espazos de educación non formal onde hai risco de discriminación, de fractura social. É moi importante a implicación da Administración local para favorecer a equidade en todo o proceso educativo, propiciando proxectos educativos nos que participen todos os axentes involucrados no labor de educar cidadáns.

Tamén se cobre á vez unha necesidade das familias.

Si, por suposto, as extraescolares representan unha forma de conciliar o noso horario de saída do traballo co de recollida dos nenos. Abúsase diso? Probablemente, pero non é o habitual. Ademais, agora está a xurdir un novo fenómeno: os profesores particulares ou academias para axudar a facer os deberes.

Que pensa acerca deste fenómeno?

Estase prendendo unha luz vermella. Tantos deberes? Pasa algo. Estamos a alongar a educación formal e invade o tempo familiar, cando quizá sería mellor poder dedicar e comentar os programas ou traballar xuntos as competencias básicas que tanto nos preocupan. Deberíamos falar diso porque se

necesitamos tantas axudas é que os centros educativos non dan o que deberían dar. Ademais, quero engadir algo claro e conciso: cómpre que as familias recuperen a confianza en si mesmas, que entendamos que cada unha é unha unidade distinta na que debe primar a estima. E isto debemos lo-gralo entre todos.

Nesta armazón, cal é o papel dos avós? Volven ser un referente importante?

Fórono sempre. O único é que antes viviamos en familias extensas e os avós estaban incluídos nelas, cunha función moi marcada, mentres que hoxe viven á parte e algúns aínda se atopan en plena actividade laboral. Pero hai que facerlles fronte a esas mensaxes tan negativas de “non se lles pode pasar aos avós a carga de educar os fillos”. Eu coñezo avoas novas que están encantadas de facer cousas que non puideron facer cos seus fillos, porque se achaban en pleno remuíño laboral e profesional. Non deben levar todo o peso, de certo, pero a función dos avós é moi importante. E fronte aos avós intrusivos, necesitaremos pais que saiban poñer límites, non só aos seus fillos, senón tamén aos seus pais. Cada un temos un rol e ninguén pode suplantar o do outro. Educamos entre todos, é así: “para educar, necesitamos toda a tribo”, di a moi coñecida frase.

E, ademais, está o do contacto interxeracional.

Así é, durante un tempo vivimos uns aquí e outros alá e agora, por exemplo, os nenos non saben afrontar o tema da morte ou da enfermidade, a frustración en definitiva. O feito de convivir conxuntamente, aínda que non sexa na mesma casa, axuda a encarar estes temas: un día, por lei natural, morre o avó ou a avoa, preguntás-lles unhas cousas e respóndenche outras, polo mal de Alzheimer. Pre-

parar para o pasamento ou para a doenza é algo prioritario, tarefa da familia e tarefa tamén da escola. Educar en valores, finalmente, consiste nisto.

En Galicia empezaron a proliferar as escolas de avós. Cal é a súa opinión?

A realidade galega neste ámbito é singular, porque en moitos casos os fillos dos emigrantes a Alemaña ou Suíza quedaron en Galicia e os que os criaron foron os avós. Aquí tedes algo gañado que non se dá noutras comunidades. Pero sobre a formación destas persoas, como sobre as escolas de país, quero facer unha puntualización importante: tanto uns coma outros non queren receitas sobre como facer para que o rapaz coma ou durma, senón dinámicas de grupo, charlas, espazos nos que poidan explicar a súa experiencia, ver que funciona e que non, e por que. A formación das persoas adultas debe ser unha formación "por pracer" e a lectura, por exemplo, supón unha fabulosa axuda. Existen magníficas experiencias neste sentido, como a do pobo aragonés de Ballobar que converte todas as tendas en algo semellante a sucursais da biblioteca. Non queremos aprender a ser país ou avós.

Ai, non?

Non unicamente, queremos tamén aprender a ser adultos e poder medrar coas nosas criaturas e adolescentes. "Mil maneiras de saber se o teu fillo consome drogas", vale, ti les o manual, pero se non hai diálogo e comunicación, o primeiro día que chega á casa bebédo non sabes que facer. Porque isto non vén en ningún manual.

Falemos dos mestres. Tamén eles sofren un problema de inseguridade?

Máis ben de cambio de escenografía. Antes o mestre era quen o sa-

bía absolutamente todo, "palabra de mestre". Un exemplo cinematográfico: *A lingua das bolboretas*. Pero, hoxe, Internet e os medios de comunicación convertéronse en competidores na transmisión de coñecemento. E hai moitos que entenderon que cómpre ensinarlles aos rapaces a chegar ata a información en lugar de que a información chegue a eles. Pero outros non, e a estes, como a algúns país, a nova situación deixounos fóra de lugar. A institución escolar continúa funcionando como hai anos. Nos institutos, sobre todo, ensínase da mesma forma que estudei eu: senta, cala e escoita. Pero o sistema de actividade destes rapaces e rapazas mudou moito, detectámolo xa nun traballo de investigación do ano 1991. Eu mesma decátome cando dou unha charla a estudantes de Maxisterio: non son quen de atender moito tempo seguido! Deben revisarse os sistemas.

E como consegue "recolocarse"?

É voluntario, claro, e moito máis complexo que un simple curso de formación, ao que vas, atendes, volves e todo rematou. Non sei, creo que se necesitan dinámicas de grupo para abordar cuestións prioritarias. Por exemplo, o concepto de autoridade: a autoridade xa non a dá nin o título de mestre nin o libro de familia, senón que debemos gañala cada día. Sinxelamente, empeñámonos en educar nenos críticos e autónomos, non é? Pois xa o son e, daquela, non entenden o "porque eu o mando" e piden argumentos. Así nacen as familias dialogadoras e que pactan. É moi canso, por suposto, porque cando das unha orde debes acompañala dun razoamento ben elaborado. Na escola, hai mestres que saben levar isto moi ben e outros que non, o que xera dinámicas e tamén comparacións entre docentes, e estou convencida que non se solucionan

cun curso de formación. Debe existir un proxecto educativo de centro e un traballo en equipo coherente. Hai que darlles a palabra aos nenos e aos mozos e flexibilizar os tempos escolares.

Os mestres teñen isto nas súas mans?

Agora, coa autonomía de centro recollida na LOE, si! É evidente que debe cambiar a organización dos centros, demándano os tempos, pero ha de facerse baixo unha boa dirección que lidere proxectos, aínda que estea mal visto.

A autoridade xa non a dá nin o título de mestre nin o libro de familia, debemos gañala cada día

Está mal visto liderar proxectos?

Seguimos apegados a esa idea de democracia de centros en que o director se escolle entre os compositores do claustro. Pero este sistema non deu bo resultado: cos anos, ou ninguén se presenta, ou dirixe con pouca contundencia

Lola Abelló

porque teme o cesamento dese cargo. Por todo iso, resulta máis interesante que exista un equipo que lidere un proxecto, cuns mestres que traballan alí e uns pais, uns monitores, ou mesmo unhas cociñeiras que participan nel. A implicación de toda a comunidade educativa é básica.

Pois, de momento, o tándem escola-familia vive un certo desencontro. Os mestres acusan a algúns pais de non se interesar polas cuestións escolares. É así?

Quizá algunhas familias desatendan estes asuntos, pode ser. Pero ao mestre que se queixa "mandei-lle tres notas e ninguén vén verme", eu preguntaría-lle: pensaches se a persoa á que lle mandaches a nota sabe ler, se entende o idioma ou se os termos en que está redactada son comprensibles? sabes se citaches esa nai en horas de traballo? Talvez non teña permiso para saír... Así caerán os estereotipos das familias que non coidan os fillos. Busquemos un tempo. Os horarios escolares son moi rixidos e os horarios laborais fixéronse extensos. Debemos rematar con esta situación e para iso necesítase moita vontade e entender quen hai ao outro lado. A escola pública é unha escola ao servizo do lugar no que está situada: isto é o que hai que entender.

E cando o mestre pensa "eu non podoo citarte ás 7 da tarde porque a esa hora non traballo", que cómpre facer?

Hai que buscar o tempo para chegar a todo o mundo. Non podemos manter a idea de traballar por horas, cando en realidade se debe traballar por obxectivos: que menos na educación; Este mestre que non quere citar ás 7 paréceme un pouco intolerante. Seguramente lle pagan moitas outras cousas. Non podemos ser tan estritos.

Ao mesmo tempo, hai familias que se senten excluídas.

É só un sentimento?

Lamentablemente, en moitos casos é unha realidade. A Universitat de Lleida, por encargo de CEAPA, realizou un estudo que revela que un tanto por cento moi elevado de pais e nais non ten permiso para pasar da porta do centro: máis en institutos que en escolas. Como podes sentir que é o teu instituto se non che deixan entrar nel? Non debes ir alí dar ordes ou fiscalizar, pero é necesaria unha comunicación fluída. Nalgúns casos, a ANPA non ten nin un local no edificio, algo que establece a lei. Non o inventamos, isto pasa e temos datos. Convén buscar unha forma de relación que rache estas dinámicas. A escola ou o instituto é de todos, imos ver que uso facemos del, todos na mesma dirección: a educación deses rapaces. Pero, en cambio, levámonos mal porque lemos na prensa que unha nai bateu nunha profesora. Cantas nais bateron nun docente nun ano?

Os medios non axudan moito a lograr o encontro familia-escola...

Non axudan nada. Todo o tema de convivencia foi terrible: os pais culpan os mestres, os mestres aos pais e créase un caldo de cultivo tremendo que non se corresponde coa realidade. É preciso virar as tornas, porque o certo é que hai mestres fabulosos, pais estupendos e escolas que funcionan moi ben. Dende a CEAPA, por exemplo, damos un premio a experiencias das ANPAS e, si, podemos dicir que no noso país están a innovar e atopan novas relacións familia-escola en aspectos como a igualdade home-muller ou a convivencia.

Cal é o seu papel?

As ANPAS teñen máis labor que cortar o turrón o día de Nadal. Pe-

dro Urruñuela apunta que os casos disruptivos non son máis que a punta dun iceberg que afecta a todo o ámbito do rapaz. Os mestres non poden chegar a abordar ese iceberg completo, de acordo, e por iso poden dirixirse á ANPA para encomendarlle unha parte do traballo social: "non hai maneira, non consigo conectar con tal familia, coñecédelos? podedes chegar ata eles?" Repetino mil veces: a ANPA é a correa de transmisión entre a escola e o contorno.

**A ANPA
é a correa
de transmisión
entre
a escola
e o contorno**

As ANPAS atópanse nun bo momento para asumir este labor?

Vivimos nun tempo de pouca participación cidadá: votamos, delegamos e logo quedamos na casa porque, xa haberá outro que faga o traballo! É verdade. Perdeuse o espírito cidadán de participación e, nin as asociacións de veciños, nin tampouco as ANPAS somos o que eramos. Pero todos os indicadores apuntan que a implicación da familia e o feito de que sexa ben valorada, constitúen elementos imprescindibles para o éxito escolar. Se en efecto é así, deberemos esforzarnos para incentivar a súa participación e aproveitar todo o seu potencial.

Como?

Buscando maneiras informais de participación, hainas: non sei, “os cafés dos martes...”, por exemplo. Reinventando canles, porque as actuais non serven, a xente ten pouco tempo ou pouco interese. Establecendo protocolos de relación, como o que apunta a LEC (Llei d'Educació de Catalunya), aínda que ela lle chama “contrato” e nós “protocolo de acollida”. Establecendo espazos de diálogo para acompañar as familias novas. Que significa todo isto? Dedicación, tempo extra, quizá traballar algún sábado pola mañá? Non queremos prexudicar a ninguén, alá as súas relacións laborais, pero o que si está claro é que nas escolas é necesario un tempo de relación que non é lectivo. Sabémolo, o proceso educativo fundaméntase en tres puntais: contidos, é certo, pero tamén xestión da información e convivencia. E para atender os tres piares é imprescindible a implicación do centro.

Deste modo teremos ANPAS realmente participativas?

Sempre haberá aqueles “caloteiros” que se apuntan á ANPA para acceder a unhas extraescolares máis baratas. Pero coa colaboración do centro e un traballo profundo de reorganización, pódense acadar outros fins. Por exemplo, no momento da matrícula, debe falarse ben da ANPA; nas reunións de comezo de curso, un representante da asociación debe explicar que a ANPA somos todos e que, se traballamos conxuntamente, non será preciso que tiren do carro os catro de sempre. Hai que pedir enderezos, montar unha rede informática para manter informados os socios, montar presentacións conxuntas: a ANPA forma parte do proxecto educativo, é un elemento deste, non algo engadido.

Neste “todos a unha”, que papel lle outorga ao contorno?

Non falamos da Administración e, sobre todo, da local. Os concellos son unha peza moi importante nesta construción conxunta da que estivemos a falar: propietarios, e responsables! dos edificios da escola pública, próximos aos cidadáns, que coñecen ben os problemas e virtudes do territorio ... No “fóra escola”, ese tempo non lectivo que discorre dentro e que non sempre é gratuíto (acolliadas, comedor, extraescolares,...) os concellos deberían velar para que non se produza unha fractura social (eu podo pagalo, ti non). Nos plans de contorno e proxectos educativos de zona, por exemplo, víxíase ademais que ese tempo non lectivo non entre en contradición coa liña do proxecto do centro e cos valores que propugna. Creo que, en xeral, as administracións locais se esmeran bastante nas súas funcións educativas.

Despois deste extenso diagnóstico, daría un consello preciso para mellorar a escola pública?

Máis que un consello, teño unha proposta: imos crer, de verdade, que a escola pública é a mellor escola. Neste aspecto, a concertada soubo tecer unha mercadotecnia increíble, mentres nós nos azoutamos decote. Debemos crer todos que a nosa escola, o noso instituto, é o mellor. En primeiro lugar, debe crelo a Administración, pois en definitiva a pública é “a súa” escola; pero tamén os que traballan alí; e os que a eliximos para confiarlle os nosos fillos, non con resignación, senón con convencemento. Porque se os pais cremos na escola pública, os nosos fillos tamén o farán.



Perfil biográfico

Licenciada en Psicopedagogía e doutora en Lingüística e Comunicación pola Universitat de Barcelona, Lola Abelló levou a cabo unha ardua tarefa de defensa da escola pública dende varias plataformas, sempre en nome das familias: a Confederación Española de Asociacións de Pais e Nais de Alumnos (CEAPA), que presidiu entre xuño do 2004 e xuño do 2008; o Consello Escolar do Estado e a Federación de APAs de Catalunya (FAPAC). En xullo do 2007, o seu esforzo en favor dunha educación de calidade para todo o mundo valeulle a Gran Cruz de la Orden Civil de Alfonso X el Sabio.

Hoxe, recíbenos entre cámaras e focos, na sede de Barcelona Televisió (BTV), onde dirixe dende hai 10 anos o programa *Hola nens (Ola rapaces)*. Trátase dun programa lúdico, informativo e educativo, elaborado integramente por nenos e nenas das escolas de Barcelona e destinado ao público infantil, xuvenil e familiar.

Cada mes escóllese unha escola da cidade e o seu alumnado de 6.º de primaria traballa na elaboración dos catro programas semanais de *Hola nens*. Preparan pequenas reportaxes relacionadas con temáticas que propón a escola (“cápsulas”), redactan as noticias dun informativo de 6 ou 7 minutos e, un día á semana, desprázanse ao estudo de BTV para gravar a axenda cultural.

Aprenden a escoitar, a agardar a súa quenda, a traballar en equipo, a memorizar un texto curto, a falar en público, a estar diante da cámara, a compartir o micro,... pero, sobre todo, gañan confianza en si mesmos.

Resulta un programa entretido e enriquecedor para quen o fai e para quen o ve. E Lola Abelló está convencida de que o segredo é que “os nenos están no seu estado puro”.